

Amor a contra-morte

Olga Novo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

NOVO, OLGA (2011 [1997]). “Amor a contra-morte”. *Dorna*: 23, 119-120.

Reedición en *poesia-galega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/469>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

NOVO, OLGA (1997). “Amor a contra-morte”. *Dorna*: 23, 119-120.

* Edición dispoñíbel desde o 4 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

AMOR A CONTRA-MORTE

Olga Novo

Poemas da vida e pola vida. Lois Pereiro en expresión brutal. E é que a súa palabra oscilou sempre a fío cortante de navalla. *Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995*, é, neste sentido, unha poética da agonía e da morte que avanza, pero tamén da vida que volve e do amor que permanece. Hai aquí, como naqueles *Poemas 1981/1991*, un movemento trascendente de devalar e tránsito, de conciencia do fin. A inmovilidade vivencial e textual forman parte dun presente que non flúe, por veces o cansazo, a morte como liberación, a viaxe sen retorno, e sempre a dor.

Pero na tensión constante entre os dous absolutos, amor e morte, deixo para outros os "poemas póstumos", o nihilismo, o medo e os escasos soños. Eu, para cumprir co fermoso epitafio, envío estas palabras coma o cuspe, nunha *húmida mensaxe de vida e de furia necesaria*.

Alén do pouso trágico, o poemario ábrese en sintonía coas palabras de Raymond Carver:

E conseguiches o que querías desta vida?
Conseguinte, si.
¿e que querías?
Considerarme amado, sentirme amado na terra (p. 5).

Pois ben, o amor, o erotismo e o desexo reafírmano na vida e trócanse a miúdo nun conxuro contra o medo, nun refuxio uterino de feminino rumor carnal:

desexaría entrar nela e refuxirme no seu corpo secreto para sempre protexido da morte coa súa vida (p. 39).

Ela, ela toda, todas elas, as luces do amor que non cesa e que cura. A voz trágica que arremete contra a morte é ante todo unha voz apaixonada que berra *carpe diem*, este, o derradeiro. E a única noite esencial e perfecta sería unha na que vivir a amada, na que trasnoitarlle o corpo, cohabitar os seus soños e prorrogarse nela. Porque non se pode máis que *amar con espírito suicida* (p. 27). Eu falo do contaxio da vitalidade e non do virus. Porque ela lle deixa o encanto e a presenza en cada encontro e sabe dos

vestixios da vida ante a desolación, por iso o poeta a invoca coma un bálsamo: *só cunha ollada abortas a ofensiva/ da dor que se aveciña* (p. 77). Ficar na terra, dentro da muller, cederlle a vida non vivida e que aínda segue intacta:

Así estaría con ela dalgún xeito:
no seu corpo por riba desta terra,
e o meu debaixo dela (pp. 47-48).

A comunión natural deixa paso á transmigración que se resolve nunha enerxía que xa non ten fin,

nunha viaxe cíclica. Tal vez *todo pende en que un esteña morto preguntando pola herba que nasce derriba coma por un novo corpo máis levián, abaneado polo vento, -que trae e que leva a semente-*, como quería Cunqueiro.

Eu pregunto pola herba e polo lume da paixón que a calcina. Porque aínda na certeza do fin –ou do regreso– houbo un estoupido vital que o fixo decantarse polo desexo, contra o loito, polo amor, contra a morte: Amor a contra-morte.